



GASTO ESTRATÉGICO

Obxectivos e programas

II. GASTO ESTRATÉGICO

Neste apartado analízase, por unha parte, as principais características dos Fondos europeos do próximo período 2014-2020 e a coherencia dos Obxectivos Estratégicos do Plan Estratégico de Galicia 2010-2014 horizonte 2020 (PEG) cos Obxectivos Temáticos da Estratexia Europa 2020, e por outra parte, detállanse as Axudas da UE correspondentes aos Fondos que se integran nos presupostos da C. A. de Galicia para 2014.

II.1. FORMULACIÓN DA ESTRATEXIA DO PEG 2010-2014 HORIZONTE 2020

II.1.1. Os Fondos europeos no período 2014-2020

O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), o Fondo Social Europeo (FSE), o Fondo de Cohesión (FC), o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e o futuro Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) constitúen os Fondos europeos do Marco Estratégico Común (MEC) para o período 2014-2020 que perseguen obxectivos de actuación complementarios e cuxa xestión estará compartida entre os Estados membros e a Comisión Europea.

Galicia recibirá axuda comunitaria 2014-2020 procedente dos fondos FEDER, FSE, FEADER e FEMP, pero non do FC, xa que a renda nacional bruta per cápita do conxunto de España non é inferior ao 90% da media comunitaria da Unión Europea (UE).

Para que a UE volva a unha senda de crecemento sostible precísase unha combinación de consolidación orzamentaria, de reformas estruturais e de investimentos que xeren crecemento sostible dende o punto de vista ambiental.

Estes Fondos son a principal fonte de investimento a escala da UE para axudar aos Estados membros a restablecer e aumentar o crecemento e garantir unha recuperación que xere emprego, ao tempo que garanten o desenvolvemento sostible, en consonancia cos obxectivos da estratexia Europa 2020.

A Comisión Europea considera que os obxectivos que perseguen estes instrumentos poden acadarse de forma máis eficaz se todos os Fondos están mellor coordinados co fin de evitar solapamentos e de optimizar as sinerxías, se están plenamente integrados no goberno económico da Unión Europea, e se contribúen á realización da estratexia Europa 2020, involucrando as partes interesadas nacionais, rexionais e locais.

Esta é a razón pola que a Comisión propuxo un Regulamento de disposicións comúns para os cinco Fondos. A proposta prevé unha coordinación moito máis estreita dos Fondos para lograr:

- Unha concentración de recursos nos obxectivos de Europa 2020 a través dun conxun-

to de Obxectivos Temáticos comúns aos que contribuirán os Fondos.

- A simplificación mediante unha planificación e uns mecanismos de execución máis coherentes.
- Unha maior atención aos resultados a través dun marco e unha reserva de eficacia.
- A harmonización das normas de subvencionabilidade e unha prórroga de opcións de custos simplificados para reducir a carga administrativa que pesa sobre os beneficiarios e as autoridades de xestión.

A proposta de Regulamento dos cinco Fondos MEC contén disposicións que son comúns ao FEDER, ao FSE e ao FC, pero que non se aplican ao FEADER nin ao FEMP, así como disposicións que son comúns ao FEDER, ao FSE, ao FC e ao FEMP, pero que non se aplican ao FEADER. Debido ás peculiaridades de cada un dos Fondos deben establecerse en regulamentos distintos as normas específicas aplicables a cada un deles e ao Obxectivo de Cooperación Territorial Europea no marco do FEDER.

Ademais, a proposta prevé a adopción de Contratos de Asociación que establecerán os compromisos dos socios a nivel nacional e rexional. Estes contratos estarán vinculados aos obxectivos da estratexia Europa 2020 e aos Programas Nacionais de Reforma que establecerán unha estratexia integrada para o desenvolvemento territorial apoiada por todos os fondos do Marco Estratéxico Común.

O MEC proporcionará unha fonte de orientación estratéxica que haberá de ser traducida polos Estados membros e as rexións na programación dos Fondos 2014-2020 dentro do contexto das súas necesidades, oportunidades e desafíos específicos. Así mesmo, debe aumentar a coherencia entre os compromisos políticos asumidos no contexto da estratexia Europa 2020 e o investimento sobre o terreo e, ademais, ha de fomentar a integración establecendo como poden traballar xuntos os Fondos.

Os principais elementos do MEC elaborados pola Comisión Europea representan unha base para o debate co Parlamento Europeo e o Consello. Entre eles figuran:

- Por cada un dos Obxectivos Temáticos establecidos na proposta de Regulamento de disposicións comúns:
 - Os principais obxectivos políticos da estratexia Europa 2020 que deben abordar os Estados membros nos seus Contratos de Asociación, intimamente vinculados aos seus Programas Nacionais de Reforma.
 - E as accións clave, correspondentes ás prioridades de investimento e as prioridades da Unión, que se espera que xeren un maior impacto no crecemento, no emprego e na sostibilidade durante a execución dos programas.
- Os vínculos co proceso de goberno do semestre europeo.
- A coordinación e integración dos Fondos do MEC.
- Os principios horizontais e os obxectivos políticos relacionados coa execución dos

Fondos do MEC.

- A elaboración de Contratos de Asociación e programas para abordar os desafíos territoriais dun crecemento intelixente, sostible e integrador.
- As prioridades en materia de actividades de cooperación.

A continuación detállanse as características principais destes elementos do MEC 2014-2020.

Obxectivos temáticos e accións clave

En xuño de 2010, o Consello Europeo adoptou a estratexia Europa 2020 co fin de estimular un crecemento intelixente, sostible e integrador. A estratexia detalla os **obxectivos principais da UE** nos ámbitos do emprego, da I+D, do cambio climático e a enerxía, da educación e da integración social e redución da pobreza, que presentan os parámetros seguintes:

- Alcanzar unha taxa de emprego do 75% para a poboación de entre 20 e 64 anos.
- Investir un 3% do Produto Interior Bruto (PIB) na investigación e o desenvolvemento.
- Reducir nun 20% as emisións de carbono (e, se as condicións o permiten, nun 30%) respecto dos niveis de 1990, aumentar hasta o 20% as enerxías renovables, e aumento do 20% na eficiencia enerxética.
- Reducir a taxa de abandono escolar a menos do 10% e aumentar ata o 40% a taxa de titulados do ensino superior.
- Reducir en 20 millóns o número de persoas en situación o resgo de pobreza e exclusión social.

Estes obxectivos, que están relacionados entre si e que se potencian mutuamente, concretaranse en obxectivos nacionais comúns que deben acadarse combinando medidas nacionais e europeas.

As Directrices Integradas Europa 2020 e as sete Iniciativas Emblemáticas para o período 2014-2020 trazan con maior detalle o camiño cara a un crecemento sostible e xerador de emprego. Non obstante, co fin de aproveitar ao máximo a contribución dos Fondos do MEC, esta estratexia ha de seguir desenvolvéndose en contextos nacionais e rexionais. Deste modo, a cohesión económica, social e territorial pode constituír o núcleo da estratexia Europa 2020, garantindo que todas as enerxías e capacidades se mobilizan e se centran na consecución das prioridades da estratexia.

A proposta de Regulamento de disposicións comúns recolle **once Obxectivos Temáticos (OT)** co fin de contribuír á estratexia da Unión para un crecemento intelixente, sostible e integrador, que son os seguintes:

1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación.
2. Mellorar o uso e a calidade das tecnoloxías da información e das comunicacións e o

acceso a estas.

3. Mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas, do sector agrícola (no caso do FEADER) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP).
4. Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores.
5. Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos.
6. Protexer o medio e promover a eficiencia dos recursos.
7. Promover o transporte sostible e eliminar os estrangulamentos nas infraestruturas de rede fundamentais.
8. Promover o emprego e favorecer a mobilidade laboral.
9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza.
10. Investir na educación, o desenvolvemento das capacidades e a aprendizaxe permanente.
11. Mellorar a capacidade institucional e a eficiencia da administración pública.

Estes Obxectivos Temáticos convértense en prioridades de investimento (FEDER, FSE e FC) e prioridades da Unión (FEADER e FEMP) específicas de cada Fondo. Cada Programa Operativo describirá as accións para lograr as prioridades de investimento e as prioridades da Unión para cada un dos Fondos do MEC.

Ao identificar os principais obxectivos de Europa 2020 que han de abordar os Fondos do MEC e a serie de accións clave que poderían levarse a cabo conxuntamente en virtude destes obxectivos temáticos, o MEC proporciona orientacións sobre como poden abordar máis eficazmente os Fondos o obxectivo de crecemento nos Contratos de Asociación e nos programas:

- O FEDER contribuirá a todos os obxectivos temáticos e centrarase en ámbitos de investimento vinculados ao contexto no que actúan as empresas (infraestruturas, empresas de servizos, apoio á actividade empresarial, innovación, TIC e investigación) e na prestación de servizos aos cidadáns en determinados ámbitos (enerxía, servizos en liña, educación, sanidade, infraestruturas sociais e de investigación, accesibilidade, calidade do medio); o Fondo de Cohesión centrarase na mellora do medio, o desenvolvemento sostible e a RTE-T.
- O FSE será programado conforme a catro obxectivos temáticos: emprego e mobilidade laboral; educación, competencias e aprendizaxe permanente; promoción da inclusión social e loita contra a pobreza, así como reforzo da capacidade administrativa; non obstante, as accións apoiadas polo FSE tamén contribuirán ao logro dos demais obxectivos temáticos.
- As seis prioridades do FEADER terán como obxectivo o crecemento intelixente, sostible e integrador nos sectores agrícola, alimentario e forestal, e nas zonas rurais no seu conxunto; abranguen a transferencia de coñecementos e a innovación, a competitividade da agricultura, a xestión dos recursos naturais e a acción polo clima, e o

desenvolvemento integrador das zonas rurais.

- As prioridades do FEMP, en consonancia coa reforma da Política Pesqueira Común, centraranse na viabilidade e a competitividade da pesca e a acuicultura, garantindo ao mesmo tempo o apoio á súa sostibilidade ambiental; o FEMP promoverá a cohesión social e a creación de emprego nas comunidades que dependen da pesca, en particular grazas á diversificación cara a outros sectores marítimos, así como ás accións no ámbito da política marítima integrada.

O MEC establece así mesmo, de forma integrada por cada un dos obxectivos temáticos, os obxectivos principais que deben abordarse, as accións clave de cada Fondo do MEC e os correspondentes principios de aplicación xeral para garantir unha utilización eficaz e eficiente dos Fondos.

Coherencia coa gobernanza económica da UE

A estratexia Europa 2020 constitúe o marco da política da Unión Europea na actual década: os seus cinco obxectivos principais definen que lugar quere ocupar a UE en 2020, mentres que as directrices integradas establecen as orientacións políticas a medio prazo. Co fin de conseguir resultados, xa se puxo en marcha un goberno económico máis sólido, que traduce as prioridades temáticas de Europa 2020 e os seus obxectivos nun ciclo anual de supervisión multilateral centrado nos informes nacionais e as recomendacións específicas por país.

Coa presentación do Estudo Prospectivo Anual sobre o Crecemento (EPAC) iniciouse en xaneiro de 2011 o primeiro semestre europeo sobre a coordinación das políticas. Cada ano o EPAC define as medidas prioritarias da Unión Europea, incluídas as medidas de fomento do crecemento, para os seguintes doce meses no contexto xeral da estratexia Europa 2020, de forma coherente coas súas prioridades a máis longo prazo. Cada primavera, os Estados membros presentan Programas Nacionais de Reforma (PNR), nos que esbozan as medidas para abordar as prioridades políticas do EPAC e os compromisos do Pacto polo Euro Plus co fin de impulsar o crecemento e o emprego e de acadar os obxectivos nacionais establecidos en relación cos obxectivos prioritarios europeos. Os Programas de Estabilidade e Convergencia (PEC) garanten unhas finanzas públicas saneadas. Sobre a base dunha avaliación detallada dos PNR e os PEC, a Comisión formula recomendacións específicas por país, que son posteriormente aprobadas polo Consello Europeo de xuño. As recomendacións específicas por país deben terse en conta a continuación nas decisións económicas e orzamentarias da segunda metade do ano e nos PNR o ano seguinte.

As recomendacións específicas por país pertinentes para os Fondos do MEC son as de longo prazo, que reflicten os retos estruturais subxacentes que han de ser abordados mediante estratexias plurianuais de investimento. Algunhas das recomendacións serán de carácter regulamentario. Non obstante, outras serán de importancia directa nos ámbitos de intervención dos Fondos do MEC que requiran unha combinación de decisións regulamentarias e orzamentarias, incluído o investimento público.

Os Fondos do MEC han de desempeñar un papel fundamental á hora de apoiar as medidas consideradas nas recomendacións específicas para cada país destinadas a lograr os cambios estruturais necesarios e a encher as lagoas en relación cos principais obxectivos de Europa 2020.

Na preparación dos seus Contratos de Asociación, os Estados membros e as rexións deben programar os Fondos do MEC tendo en conta tanto as recomendacións específicas para cada país máis recentes e pertinentes aprobadas polo Consello coma os seus Programas Nacionais de Reforma. Os Estados membros tamén deben ter en conta as recomendacións do Consello baseadas no Pacto de Estabilidade e Crecemento. Cada Estado membro debe establecer no Contrato de Asociación cómo contribúen os distintos fluxos de financiamento da UE e nacionais a afrontar os retos identificados nas recomendacións específicas para cada país afectado.

O contexto mundial no que operan os Fondos do MEC pode cambiar e poden xurdir novas prioridades, polo que os mecanismos de programación dos Fondos do MEC deben ser o suficientemente flexibles como para reorientar os recursos financeiros e abordar estes novos desafíos cruciais. A proposta da Comisión prevé que, cando haxa cambios importantes na estratexia da Unión Europea para un crecemento intelixente, sostible e integrador, poderán revisarse o Marco Estratéxico Común e os Contratos de Asociación. Ademais, a Comisión poderá solicitar a un Estado membro que revise e propoña modificacións ao seu Contrato de Asociación e os seus programas pertinentes para apoiar a aplicación dunha recomendación específica por país.

Coordinación e integración

A Comisión Europea propón no Regulamento de disposicións comúns un marco de simplificación co fin de garantir unha maior coherencia e coordinación intersectorial, así como para fomentar as potenciais sinerxías. Estas medidas de racionalización deben facilitar a presentación e a tramitación das solicitudes de axuda financeira e reducir a carga administrativa para os solicitantes e beneficiarios dos Fondos do MEC. Ao mesmo tempo, pretende conseguir unha maior harmonización das normas tanto no Regulamento financeiro coma entre os regulamentos sectoriais, co fin de fomentar a simplificación e a coordinación.

a) Mecanismos de coordinación entre os Fondos do MEC

A base para a coordinación entre os Fondos do MEC proporciónase a través dun marco común de resultados establecido na proposta de Regulamento de disposicións comúns. Os actos delegados e de execución incrementarán aínda máis a coordinación e a coherencia entre os Fondos do MEC. A integración dos Fondos do MEC en cada un dos Contratos de Asociación dos Estados membros proporciona un marco que permite unha estreita coordinación co fin de garantir que as intervencións financiadas xeren sinerxías e que a racionalización conduza a unha redución dos custos e da carga administrativa sobre o terreo.

É esencial que os Estados membros garantan que todos os ministerios e as autoridades de xestión responsables da aplicación dos Fondos do MEC traballen en estreita colaboración na preparación, execución, seguimento e avaliación do Contrato de Asociación e os programas. Os Contratos de Asociación deben establecer as disposicións para garantir a mencionada coordinación e as medidas concretas que se adoptarán para mantela ao longo de todo o período de programación. A coordinación debe incluír:

- a identificación de ámbitos de intervención cando os Fondos do MEC poden traballar conxuntamente e de xeito complementario para acadar os obxectivos temáticos establecidos na proposta de Regulamento de disposicións comúns; iso pode lograrse a través dunha coordinación estreita da programación en diferentes programas «monofondo»; como alternativa, os Estados membros teñen a opción de elaborar e aplicar programas multifondo combinando o FEDER, o FSE e o Fondo de Cohesión nun único programa.
- a integración por parte das autoridades de xestión responsables dun dos Fondos do MEC, doutras autoridades de xestión e dos ministerios correspondentes na elaboración dos réximes de axuda para xerar sinerxías e evitar os solapamentos.
- o establecemento, cando proceda, dos Comités Mixtos de Supervisión dos programas que apliquen os Fondos do MEC, así como a elaboración doutras medidas de xestión e control comúns para facilitar a coordinación entre as autoridades responsables da aplicación dos Fondos do MEC.
- un maior uso de solucións de gobernanza electrónica conxuntas dirixidas a solicitantes e beneficiarios e aos sistemas de «portelo único» para obter asesoramento sobre as posibilidades de poder acollerse as axudas dos Fondos do MEC, que contribuirán considerablemente á redución da carga administrativa.
 - a) Mecanismos de coordinación dos Fondos do MEC con outros instrumentos e políticas da UE

É imprescindible garantir a coherencia das accións financiadas con cargo aos Fondos do MEC coas restantes políticas da UE. En particular o FEADER e o FEMP son partes esenciais do marco político global da Política Agrícola Común, a Política Pesqueira Común e a Política Marítima Integrada. Por outra parte, o investimento procedente de todos os Fondos do MEC pode apoiar directamente o logro dos obxectivos establecidos no marco das demais políticas da Unión en ámbitos tales como o medio, a acción polo clima, a educación e o emprego, pero tamén indirectamente en ámbitos tales como o mercado único. Os Estados membros deben garantir a coherencia nas fases de programación e execución entre intervencións apoiadas polos Fondos do MEC e os obxectivos destas políticas.

En moitos ámbitos, existe máis dun instrumento da UE que pode proporcionar recursos para apoiar a consecución dos obxectivos da estratexia Europa 2020. Estes instrumentos poden xestionarse de forma compartida cos Estados membros, en ámbitos como a xustiza e os asuntos de interior; pero tamén baixo a xestión directa da Comisión, como o Mecanismo «Conectar Europa» no ámbito das infraestruturas; a iniciativa Horizonte 2020

e o Programa para a Competitividade das Empresas e para as Peme (COSME) no ámbito da investigación e a innovación; o programa Erasmus para todos e o programa Leonardo da Vinci no ámbito da educación e a formación; o programa para a innovación e o cambio social no ámbito do emprego e da inclusión social; o programa reserva de novos entrantes (NER300) e o programa LIFE nos ámbitos do medio e acción polo clima; ou os instrumentos exteriores de Axuda Preadhesión, Instrumento Europeo de Vecindade e Fondo Europeo de Desenvolvemento. Nos devanditos ámbitos políticos, é importante que os Estados membros e as rexións identifiquen e exploten a complementariedade entre diferentes instrumentos da Unión a escala nacional e rexional, tanto na fase de planificación coma durante a execución.

Crearanse estruturas que faciliten a definición estratéxica de prioridades para os diversos instrumentos e estruturas de coordinación a nivel nacional. As devanditas estruturas tamén deben procurar evitar a duplicación de esforzos e identificar os ámbitos nos que é necesario un apoio financeiro adicional. As devanditas estruturas deberán definirse no Contrato de Asociación e, no seu caso, nos programas.

Os Estados membros tamén deberán servirse plenamente da posibilidade de combinar distintos instrumentos para apoiar operacións individuais. Isto permíteo a harmonización das normas aplicadas a diferentes instrumentos da Unión a escala da UE. Ademais, será especialmente importante que as autoridades nacionais e rexionais responsables da aplicación dos Fondos do MEC colaboren estreitamente cos responsables da aplicación doutros instrumentos nacionais para crear oportunidades coherentes e racionalizadas de financiamento para os beneficiarios.

a) Fomento de formulacións integradas para o bo rendemento dos Fondos do MEC

A proposta de Regulamento de disposicións comúns 2014-2020 establece unha serie de mecanismos para fomentar as formulacións integradas da programación, co fin de conseguir a coordinación e as sinerxías necesarias durante a execución. Nos seus Contratos de Asociación e nos seus programas, os Estados membros deben precisar de que xeito pensan utilizalos para lograr a integración.

Concretamente establécense dous mecanismos co fin de facilitar a elaboración de formulacións locais e subrexionais. Trátase do desenvolvemento local participativo e dos investimentos territoriais integrados para o FEDER, o FSE e o Fondo de Cohesión, que deberán comprometer os axentes rexionais e locais e ás comunidades locais na súa aplicación.

Principios horizontais e obxectivos políticos transversais

A proposta de Regulamento de disposicións comúns contén principios horizontais e obxectivos políticos transversais que se aplican á execución dos Fondos do MEC 2014-2020.

a) Principios horizontais:

- **Asociación e gobernanza multinivel.** Os Estados membros serán coherentes co principio de asociación e gobernanza multinivel para facilitar a consecución da cohesión social, económica e territorial e o cumprimento das prioridades da UE relativas a un crecemento intelixente, sostible e integrador. Para iso requírese unha acción coordinada que se leve a cabo de conformidade cos principios de subsidiariedade e proporcionalidade, e en asociación.
- **Promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación.** Os Estados membros perseguirán o obxectivo da igualdade entre homes e mulleres e adoptarán as medidas adecuadas para evitar toda discriminación e garantir a accesibilidade durante a preparación, a execución, o seguimento e a avaliación das operacións nos programas cofinanciados polos fondos MEC.
- **Desenvolvemento sostible.** Este principio esixe o cumprimento do acervo da normativa ambiental. Dado que os Fondos do MEC son a principal fonte de financiamento da Unión Europea para o medio, tamén deben contribuir substancialmente á mellora deste.

A aplicación do principio **quen contamina paga**, que se recolle no artigo 192 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, implica que se deberán emprender accións ao longo da vida do programa para evitar ou reducir os efectos prexudiciais para o medio e garantir resultados en beneficios netos de carácter social, ambiental e climático.

Os Estados membros aseguraranse de que os investimentos apoiados con Fondos MEC tomen en consideración a redución do cambio climático e fagan fronte aos efectos do cambio climático e as catástrofes naturais, tales como o aumento do risco de inundacións, ondas de calor e fenómenos meteorolóxicos extremos.

b) Obxectivos polítics transversais:

- **Accesibilidade.** As autoridades de xestión dos programas velarán por que calquera cidadán, especialmente as persoas con minusvalía, teña acceso a todos os produtos, bens, servizos e infraestruturas que estean abertas ao público ou sexan de uso público e estean cofinanciadas polos Fondos MEC. En particular, deberá garantirse a accesibilidade xeral ao ámbito físico, o transporte e as tecnoloxías da información e as comunicacións para lograr a inclusión dos grupos desfavorecidos, incluídas as persoas con minusvalía, ao mesmo tempo que se deberán detectar e eliminar os obstáculos á accesibilidade que existan e evitar a aparición doutras barreiras.
- **Abordar o cambio demográfico.** Os Estados membros recorrerán aos Fondos MEC para desenvolver estratexias axustadas a cada caso para afrontar os problemas demográficos e crear un crecemento vinculado a unha sociedade en proceso de envellecemento e que faciliten ao mesmo tempo

a inclusión de todos os grupos de idade. Deberán, en particular, mellorar as oportunidades de emprego das persoas de máis idade e dos mozos.

Os investimentos no ámbito das infraestruturas sanitarias responderán ao obxectivo de acadar unha longa vida laboral saudable para todos os cidadáns da UE.

Nas rexións máis afectadas polo cambio demográfico estableceranse medidas necesarias para apoiar a renovación demográfica a través de mellores condicións para as familias e un mellor equilibrio entre a vida laboral e familiar; para impulsar o emprego e incrementar a produtividade e o rendemento económico a través de investimentos en educación, TIC e investigación; para facer fincapé na adecuación e a calidade da educación e das estruturas de apoio social; e para garantir un servizo viable de prestacións de asistencia sanitaria e dependencia, especialmente mediante os investimentos en saúde en liña, ciberasistencia e infraestruturas.

- **Redución do cambio climático e adaptación a este.** Nos procesos de programación, aplicación, seguimento e avaliación de todos os Fondos MEC integraranse os obxectivos de redución do cambio climático, de adaptación a este e de prevención de riscos.

Abordar os retos territoriais do crecemento intelixente, sostible e integrador

- c) Procesos a abordar polos Estados membros na preparación dos seus Contratos de Asociación e programas:
 - Analizar o potencial e a capacidade de desenvolvemento do Estado membro ou rexión, en particular cos grandes retos indicados en Europa 2020, os Programas Nacionais de Reforma e as correspondentes recomendacións específicas para cada país, así como realizar unha análise pomenorizada das características nacionais, rexionais e locais.
 - Avaliar os principais retos que deben abordar a rexión ou o Estado membro de que se trate, e identificar os principais puntos de conexión deficitarios e embudes de tráfico e os desfases en materia de innovación.
 - Avaliar os retos de coordinación intersectorial, transfronteiriza ou interxurisdiccional, especialmente no marco de estratexias macrorrexionais e de concas marítimas.
 - Determinar as medidas para lograr unha mellor coordinación entre os distintos niveis territoriais e as fontes de financiamento para conseguir unha formulación integrada que vincule a Estratexia Europa 2020 cos axentes rexionais e locais.
- d) Consideracións dos Estados membros para ter en conta o obxectivo da cohesión territorial. Para iso, aseguraranse de que o enfoque xeral de promover un crecemento intelixente, sostible e integrador :
 - Reflicta o papel das zonas urbanas, rurais, litorais e pesqueiras, e das zonas

que sofren problemas xeográficos ou demográficos específicos.

- Teña en conta os problemas específicos das rexións ultraperiféricas, as rexións máis setentrionais con moi baixa densidade de poboación e as rexións insulares, transfronteirizas, e de montaña.
- Aborde as relacións entre as zonas urbanas e rurais en termos de acceso a unhas infraestruturas e servizos alcanzables e de calidade, así como os problemas das rexións cunha concentración elevada de grupos ou colectivos marxinados socialmente.

Prioridades en materia de actividades de cooperación

Para reforzar a eficacia da política de cohesión, os Estados membros procurarán garantir a coordinación e complementariedade entre o obxectivo de “Cooperación Territorial Europea” e os programas do obxectivo de “Investimento en Crecemento e Emprego”, concretamente para garantir unha planificación coherente e facilitar a aplicación dos investimentos a grande escala.

Os Estados membros garantirán, cando proceda, que os obxectivos de estratexias macrorrexionais e das concas marítimas formen parte da planificación estratéxica global dos programas de política de cohesión das rexións e os Estados membros en cuestión. Os Estados membros tamén se asegurarán de que, nos casos en que se puxesen en marcha estratexias macrorrexionais e das concas marítimas, todos os Fondos do MEC, se procede, contribúan á súa aplicación. Co fin de garantir unha execución eficaz, tamén se garantizará a coordinación con outros instrumentos financiados pola Unión, así como con outros instrumentos pertinentes.

Os Estados membros recorrerán, cando proceda, á posibilidade de levar a cabo accións interrexionais e transnacionais con beneficiarios situados en, polo menos, outro Estado membro no marco dos programas operativos, conforme ao obxectivo de “Investimento en Crecemento e Emprego”, en especial a aplicación das correspondentes medidas de investigación e innovación que emanen das súas estratexias de especialización intelixente.

II.1.2. Vinculación entres os Obxectivos Estratéxicos do PEG 2010-2014 e os Obxectivos Temáticos da Estratexia Europa 2020

A planificación formulada no PEG recolle, no ámbito estratéxico, tres niveis de obxectivos: un Obxectivo Global, cinco eixes de actuación e dezaseis Obxectivos Estratéxicos (OE). O Plan asume como prioridades propias os principios orientadores da estratexia Europa 2020, que se formulan a partir dun crecemento económico intelixente, sustentable e integrador.

Árbore de obxectivos do Plan estratéxico de Galicia 2010-2014 horizonte 2020

OBXECTIVO GLOBAL: CRECEMENTO SUSTENTABLE E CREACIÓN DE EMPREGO, AUMENTANDO A COHESIÓN SOCIAL E O EQUILIBRIO TERRITORIAL	
OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	
EIXE 1: COHESIÓN SOCIAL, BENESTAR E CALIDADE DE VIDA	
1.1	Revitalización demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral.
1.2	Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas.
1.3	Garantir o acceso á educación e á cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe.
1.4	Atención ao benestar social.
1.5	Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais.
EIXE 2: DINAMIZACIÓN ECONÓMICA, CRECEMENTO E EMPREGO	
2.1	Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso aos mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade viaria.
2.2	Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas.
2.3	Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clusters e o fomento da innovación e cooperación empresarial.
2.4	Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego.
EIXE 3: ECONOMÍA DO COÑECEMENTO	
3.1	Construír unha sociedade competitiva baseándose na investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento.
3.2	Modernizar e promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivos, sociais e dos servizos públicos.
EIXE 4: SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	
4.1	Converter o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida.
4.2	Desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única.
4.3	Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático.
EIXE 5: ADMINISTRACIÓN AUSTERA, EFICIENTE E PRÓXIMA AO CIDADÁN	
5.1	Acadar unha Administración moderna e próxima, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeneralizando o emprego das TIC en todos os seus ámbitos de actuación.
5.2	Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia.

Fonte: elaboración propia

A coherencia entre o Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014 horizonte 2020 e os once Obxectivos Temáticos do Marco Estratéxico Común (MEC) 2014-2020 establecidos na estratexia Europa 2020 queda reflectida na táboa seguinte de coherencia, onde se observa que todos os Obxectivos Estratéxicos do PEG 2010-2014 presentan, como mínimo, unha vinculación directa cos Obxectivos Temáticos e por outra parte, ningún Obxectivo Temático queda sen relacionar con algún dos Obxectivos Estratéxicos.

O Obxectivo Temático I do MEC 2014-2020, **Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación**, presenta unha relación directa co OE

2.2 (Eixe 2 do PEG) vinculado coa internalización, o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación das empresas e co OE 3.1 (Eixe 3) referente a construción dunha sociedade competitiva baseada na investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial.

Coherencia entre os Obxectivos Temáticos MEC 2014-2020 e o PEG 2010-2014 horizonte 2020

Obxectivos temáticos MEC 2014-2020	OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DO PEG 2010-2014															
	Eixe 1					Eixe 2				Eixe 3		Eixe 4			Eixe 5	
	1.1	1.2	1.3	1.4	1.5	2.1	2.2	2.3	2.4	3.1	3.2	4.1	4.2	4.3	5.1	5.2
OT1 Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación							X			X						
OT2 Mellorar o uso e a calidade das tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC) e o acceso as mesmas											X				X	
OT3 Mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas, do sector agrícola (no caso do FEADER) e do sector da pesca e a acuicultura (FEMP)							X	X								
OT4 Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores														X		
OT5 Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos												X		X		
OT6 Protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos												X	X			
OT7 Promover o transporte sostible e eliminar os estrangulamentos nas infraestruturas de rede fundamentais						X										
OT8 Promover o emprego e favorecer a mobilidade laboral									X							
OT9 Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza	X	X		X	X											
OT10 Investir na educación, o desenvolvemento das capacidades e a aprendizaxe permanente			X													
OT11 Mellorar a capacidade institucional e a eficiencia da administración pública															X	X

Fonte: elaboración propia

○ Obxectivo Temático 2 do MEC 2014-2020, **Mellorar o uso e a calidade das tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC) e o acceso a estas**, está relacionado co OE 3.2 (Eixe 3 do PEG) e co OE 5.1 (Eixe 5 do PEG), vinculados respectivamente co emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivos, sociais e dos servizos públicos e co emprego das TIC en todos os ámbitos de actuación da administración.

○ Obxectivo Temático 3 do MEC 2014-2020, **Mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas, do sector agrícola (no caso do FEADER) e do sector da pesca e a acuicultura (FEMP)**, presenta unha relación directa cos OE 2.2 e 2.3 (Eixe 2 do PEG) vinculados coa internalización, o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación das empresas e ca competitividade dos sectores

estratéxicos mediante a política de clúster e o fomento da innovación e cooperación empresarial, respectivamente.

○ Obxectivo Temático 4 do MEC 2014-2020, **Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores**, está vinculado directamente co OE 4.3 do Eixe 4, que fai referencia a eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático.

○ Obxectivo Temático 5 do MEC 2014-2020, **Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos**, está vinculado directamente cos OE 4.1 e 4.3, ambos os dous do Eixe 4, que presentan relación respectivamente co contorno natural de Galicia e a mellora da calidade de vida e coa eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático.

○ Obxectivo Temático 6 do MEC 2014-2020, **Protexer o medio e promover a eficiencia dos recursos**, está vinculado directamente cos OE 4.1 e 4.2 (Eixe 4 do PEG), que presentan relación respectivamente co contorno natural de Galicia e a mellora da calidade de vida e co desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única.

○ Obxectivo Temático 7 do MEC 2014-2020, **Promover o transporte sostible e eliminar os estrangulamentos nas infraestruturas da rede fundamentais, presenta relación directa co OE 2.1 (Eixe 2 do PEG), que está vinculado coa mobilidade das persoas e o acceso aos mercados, a accesibilidade do territorio, as redes de transporte e a seguridade viaria.**

○ Obxectivo Temático 8 do MEC 2014-2020, **Promover o emprego e favorecer a mobilidade laboral**, presenta **relación directa co OE 2.4 (Eixe 2 do PEG), que está vinculado co emprego de calidade e as políticas activas e preventivas no mercado laboral galego.**

○ Obxectivo Temático 9 do MEC 2014-2020, **Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza**, está relacionado cos OE 1.1, 1.2, 1.4 e 1.5 do Eixe I do PEG, que respectivamente están vinculados coa revitalización demográfica, coa prestación sanitaria pública e de calidade, co benestar social e coa igualdade de oportunidades, inclusión social e mellora dos servizos sociais.

○ Obxectivo Temático 10 do MEC 2014-2020, **Investir na educación, o desenvolvemento das capacidades e a aprendizaxe permanente**, presenta relación directa co OE 1.3 do Eixe I do PEG, vinculado coa educación e a cultura.

○ Obxectivo Temático 11 do MEC 2014-2020, **Mellorar a capacidade institucional e a eficiencia da administración pública**, presenta relación directa cos OE 5.1 e 5.2 (Eixe 5 do PEG), que respectivamente están vinculados cos novos sistemas e

procedementos de xestión e o emprego das TIC na Administración galega e coa capacidade institucional e financeira de Galicia.

II.2. A AXUDA COMUNITARIA NOS ORZAMENTOS 2014

As axudas máis importantes dos programas comunitarios 2007-2013, que dispoñen dun período de gasto elixible ata finais de 2015, acadan nos orzamentos da C.A para 2014 un montante de 377,5 millóns de euros e correspóndense coa política de cohesión a través do FEDER, FSE e Cooperación Territorial e coas políticas de medio rural e de pesca a través do FEADER e FEP, respectivamente.

Distribución da Axuda Comunitaria nos orzamentos 2014 por OE do PEG 2010-2014 e Fondos (euros)

PEG 10-14		PROGRAMAS COMUNITARIOS							TOTAL	%
EIXO	OE	FEDER	FEADER	FEP	FSE	COOPERACIÓN TERRITORIAL				
						TRANSFR	ESP ATL	ESP SUDOE		
E1	OE01	1.000.000	0	0	796.816	0	0	0	1.796.816	0,5
	OE02	21.934.321	0	0	0	0	0	0	21.934.321	5,8
	OE03	4.341.722	831.250	0	7.667.300	33.750	0	0	12.874.022	3,4
	OE04	0	0	0	500.000	0	0	0	500.000	0,1
	OE05	2.500.000	0	0	6.567.184	0	74.283	0	9.141.467	2,4
E2	OE01	7.984.957	0	0	0	0	0	38.280	8.023.237	2,1
	OE02	5.500.000	14.929.686	0	800.000	65.181	0	0	21.294.867	5,6
	OE03	14.793.940	99.290.535	45.312.578	0	97.656	0	0	159.494.709	42,2
	OE04	0	0	0	25.668.516	0	0	0	25.668.516	6,8
E3	OE01	14.617.000	2.012.500	0	2.163.200	0	70.894	0	18.863.594	5,0
	OE02	20.174.451	0	0	0	977.363	0	0	21.151.814	5,6
E4	OE01	32.842.416	1.971.678	298.739	0	167.275	0	0	35.280.108	9,3
	OE02	1.500.000	28.517.424	0	0	30.750	0	0	30.048.174	8,0
	OE03	900.000	6.993.007	0	0	54.684	0	242.606	8.190.297	2,2
E5	OE01	1.437.158	0	62.759	955.894	0	0	0	2.455.811	0,7
	OE02	398.294	0	0	400.000	0	0	0	798.294	0,2
TOTAL		129.924.259	154.546.080	45.674.076	45.518.910	1.426.659	145.177	280.886	377.516.047	100

Fonte: elaboración propia

Por **Programas** destaca a Axuda PO FEADER, con 154,5 millóns de euros, que representa o 40,9% do total, seguido do PO FEDER, que con 129,9 millóns de euros, supón o 34,4% da Axuda total. O PO FEP, con 45,7 millóns de euros, supón o 12,1% do total, mentres que o PO FSE, con 45,5 millóns de euros, alcanza o 12% do total da Axuda orzamentada. E finalmente, os Programas de Cooperación Territorial alcanzan 1,9 millóns de euros, que supoñen o 0,5% do total da Axuda, sendo o de maior importe o transfronterizo de Galicia coa rexión Norte de Portugal, con 1,4 millóns de euros, que representa o 0,4% do total da Axuda orzamentada.

Analizando a distribución da Axuda comunitaria nos orzamentos da C.A para 2014 **por Obxectivos Estratéxicos do PEG 2010-2014**, obsérvase que o OE que máis destaca é o 2.3, vinculado cos sectores produtivos galegos, que con 159,5 millóns de euros representa o 42,2% do total, seguido do OE 4.1, relacionado co contomo natural, que con

35,3 millóns de euros supón o 9,3% do total e do OE 4.2, relacionado co territorio sostible e equilibrado, que con 30 millóns de euros, representa o 8% do total.

Arredor do 6% da Axuda aparecen o OE 2.4, que está relacionado co emprego de calidade, con 25,7 millóns de euros, e o OE 1.2, que está relacionado coa prestación sanitaria pública, con 21,9 millóns de euros, que respectivamente supoñen o 6,8% e 5,8% do total.

Representando o 5,6% do total cada un deles figuran a continuación o OE 2.2, internacionalización da economía galega, con 21,3 millóns de euros, e o OE 3.2, vinculado co uso xeral das TIC, con 21,2 millóns de euros.

O OE 3.1, vinculado co desenvolvemento da investigación e a innovación, representa o 5% do total e dispón dunha Axuda para o 2014 de 18,9 millóns de euros.

A continuación sobresaen o OE 1.3, relacionado coa educación e a cultura, que cun orzamento de 12,9 millóns de euros, supón o 3,4% do total.

Figuran despois o OE 1.5, vinculado coa igualdade de oportunidades e a inclusión social, con 9,1 millóns de euros, o OE 4.3, relacionado coa eficiencia enerxética, con 8,2 millóns de euros, e o OE 2.1, accesibilidade do territorio, con 8 millóns de euros, que respectivamente representan o 2,4%, 2,2% e o 2,1% do total da Axuda orzamentada.

E finalmente, cunha representación inferior ao 1% do total da Axuda comunitaria aparecen o OE 5.1 (Administración moderna e próxima, 2,5 millóns de euros), o OE 1.1 (revitalización demográfica, 1,8 millóns de euros), o OE 5.2 (capacidade institucional e financeira, 0,8 millóns de euros) e o OE 1.4 (benestar social, 0,5 millóns de euros), que representan respectivamente o 0,7%, 0,5%, 0,2% e 0,1% do total da Axuda.

En canto a **contribución dos Programas a os OE do PEG**, observase que todos os OE do PEG son contribuídos, ao menos, por algún Programa comunitario, sobresaíndo o OE 1.3 (educación e cultura), o OE 2.2 (internacionalización da economía galega), OE 2.3 (sectores produtivos estratéxicos), o OE 3.1 (investigación e innovación), o OE 4.1 (contorno natural), e o OE 4.3 (eficiencia enerxética), que están vinculados cada un deles con 4 Programas comunitarios.

A anualidade orzamentada do **PO FEDER** correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia no 2014, repartida por centros xestores e Consellerías da Xunta ascende, en termos de Axuda comunitaria, a 129,9 millóns de euros.

Distribución da axuda PO FEDER Galicia 2007-2013 por centros xestores e consellerías no orzamento 2014 (euros)

Centro Xestor	Órgano/Consellería	Euros
SECRETARIA XERAL DE IGUALDADE	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA	500.000
D.X DE ADMINISTRACIÓN LOCAL	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA	1.500.000
D.X DE EMERXENCIAS E INTERIOR	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA	398.294
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO	CONSELLERÍA DE FACENDA	453.987
D.X DE PROXECTOS E FONDOS EUROPEOS	CONSELLERÍA DE FACENDA	273.600
S.X DE CALDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	5.792.545
D.X. DE MOBILIDADE	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	5.056.427
D.X. DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	1.240.000
D.X DE COMERCIO	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	2.500.000
D.X. DE ENERXÍA E MINAS	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	2.900.000
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U	2.941.722
SECRETARIA XERAL DE CULTURA	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U	1.041.680
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U	358.320
SECRETARIA XERAL DE UNIVERSIDADES	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U	5.340.000
SECRETARIA XERAL TÉCNICA	CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	2.000.000
D. X. DE FAMILIA E INCLUSIÓN	CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	1.000.000
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	1.900.000
DIRECCION XERAL SS. CC.	SERGAS - DIRECCIÓN XERAL	21.934.321
AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	2.928.530
AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	PRESIDENCIA DA XUNTA	19.273.646
AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	13.285.000
AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	3.985.940
CENTRO INFORMÁTICO XESTION TRIBUTARIA ECONOMICA E CONTABLE	CENTRO INFORMÁTICO XESTION TRIBUTARIA ECONOMICA E CONTABLE	1.610.376
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	5.500.000
INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	400.000
AUGAS de GALICIA	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	25.809.871
Orzamento		129.924.259

Fonte: elaboración propia

○ número de centros directivos que xestionarán o FEDER orzamentado para o ano 2014 elévase a 26. Destaca a Axuda comunitaria que será xestionada por Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (25,8 millóns de euros), que supón o 19,8% do total, e a do SERGAS (21,9 millóns de euros), que supón o 16,8% do total, seguida pola da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia da Presidencia da Xunta (19,2 millóns de euros), a da Axencia Galega de Innovación da

Consellería de Economía e Industria (13,2 millóns de euros) e a da SX de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (5,8 millóns de euros), que representan respectivamente o 14,8%, 10,2% e 4,5% do total da Axuda FEDER orzamentada.

A anualidade orzamentada do **PO FEADER** correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia no 2014, repartida por centros xestores e Consellerías da Xunta ascende, en termos de Axuda comunitaria, a 154,5 millóns de euros.

Distribución da axuda PO FEADER Galicia 2007-2013 por centros xestores e consellerías no orzamento 2014 (euros)

Centro Xestor	Órgano/Consellería	Euros
D.X. DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	1.971.678
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	1.903.369
SECRETARÍA XERAL DE MEDIO RURAL E MONTES	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	55.300.282
D.X. DE DESENVOLVEMENTO RURAL	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	3.349.901
D.X. DE PRODUCCIÓN AGROPECUARIA	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	36.625.821
FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	22.859.499
INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	6.993.007
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	25.167.523
INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA	INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA	375.000
Orzamento		154.546.080

Fonte: elaboración propia

O número de centros que xestionarán a Axuda FEADER orzamentada para o ano 2014 elévase a 9. Destaca a Axuda comunitaria que será xestionada pola SX de Medio Rural e Montes (55,3 millóns de euros), a da DX de Producción Agropecuaria (36,6 millóns de euros), a da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (25,2 millóns de euros), e a do Fondo Galego de Garantía Agraria (22,8 millóns de euros), todos pertencentes a Consellería de Medio Rural e do Mar, que representan respectivamente o 35,8%, 23,7%, 16,3% e o 14,8% do total da Axuda FEADER.

A anualidade orzamentada do **PO FSE** correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia no 2014, repartida por centros xestores e Consellerías da Xunta ascende, en termos de Axuda comunitaria, a 45,5 millóns de euros.

Distribución da axuda PO FSE Galicia 2007-2013 por centros xestores e consellerías no orzamento 2014 (euros)

Centro Xestor	Órgano/Consellería	Euros
SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA	5.300.000
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO	CONSELLERÍA DE FACENDA	773.494
D.X. DE PROXECTOS E FONDOS EUROPEOS	CONSELLERÍA DE FACENDA	182.400
SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U	2.163.200
D.X. DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U	400.000
D.X. DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U	6.567.300
D.X. DE TRABALLO E ECONOMÍA SOCIAL	CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	25.088.516
D.X. DE EMPREGO E FORMACIÓN	CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	580.000
S.X. DE POLÍTICA SOCIAL	CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	500.000
D. X. DE FAMILIA E INCLUSIÓN	CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	2.064.000
SECRETARÍA XERAL DE MEDIO RURAL E MONTES	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	200.000
D.X. DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	500.000
ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	400.000
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	800.000
Orzamento		45.518.910

Fonte: elaboración propia

O número de centros que xestionarán o FSE orzamentado para o ano 2014 elévase a 14. Destaca a Axuda comunitaria que será xestionada pola DX de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar (25,1 millóns de euros), a da DX de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e O.U. (6,6 millóns de euros), a da SX de Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (5,3 millóns de euros), a da SX de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e O.U. (2,2 millóns de euros), e a da DX de Familia e Inclusión da Consellería de Traballo e Benestar (2,1 millóns de euros), que supoñen respectivamente o 55,1%, 14,4%, 11,6%, 4,8% e 4,5% do total da Axuda FSE orzamentada.

A anualidade orzamentada para o ano 2014 do **PO de Cooperación Territorial Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal**, repartida por órganos xestores e Consellerías da Xunta, ascende a 1,4 millóns de euros en Axuda FEDER.

Distribución da axuda CT Transfronteiriza España-Portugal 2007-2013 por centros xestores e consellerías no orzamento 2014 (euros)

Centro Xestor	Órgano/Consellería	Euros
D.X DE ADMINISTRACIÓN LOCAL	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA	30.750
S.X DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	88.000
SECRETARIA XERAL DE CULTURA	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U	33.750
AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	841.238
AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	97.656
CENTRO INFORMATICO XESTION TRIBUTARIA ECONOMICA E CONTABLE	CENTRO INFORMATICO XESTION TRIBUTARIA ECONOMICA E CONTABLE	136.125
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	65.181
INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	54.684
AXENCIA PUBLICA INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA	INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA	79.275
Orzamento		1.426.659

Fonte: elaboración propia

O número de centros que xestionarán a axuda do PO **Cooperación Territorial Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal** orzamentada para o ano 2014 elévase a 9. Destaca a Axuda comunitaria que será xestionada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (841.238 euros), a do Centro Informático Xestión Tributaria Económica e Contable (136.125 euros), a da Axencia de Turismo de Galicia (97.656 euros) e a da SX da Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (88.000 euros), que representan o 59%, 9,5%, 6,9% e o 6,2% do total da Axuda transfronteiriza orzamentada, respectivamente.

A anualidade orzamentada para o ano 2014 do **PO de Cooperación Territorial Transnacional Espazo Atlántico**, repartida por centros xestores e Consellerías da Xunta, ascende a 145.177 euros en Axuda FEDER.

Distribución da axuda FEDER CT Transnacional Espazo Atlántico 2007-2013 por centros xestores e consellerías no orzamento 2014 (euros)

Centro Xestor	Órgano/Consellería	Euros
INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	74.283
INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA	INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA	70.894
Orzamento		145.177

Fonte: elaboración propia

O número de centros que xestionarán a Axuda do PO **Cooperación Territorial Transnacional Espazo Atlántico** orzamentada para o ano 2014 son 2. A Axuda comunitaria será xestionada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (74.283 euros), que supón o 51,2% do total, e polo do Instituto Galego de Calidade Alimentaria (70.894 eu-

ros), que representa o 48,8% do total da Axuda orzamentada.

A anualidade orzamentada para o ano 2014 do **PO de Cooperación Territorial Transnacional Espazo SUDOESTE**, repartida por centros xestores e Consellerías da Xunta, ascende a 280.886 euros en Axuda FEDER.

Distribución da axuda FEDER CT Transnacional Espazo SUDOESTE 2007-2013 por centros xestores e consellerías no orzamento 2014 (euros)

Centro Xestor	Órgano/Consellería	Euros
D.X. DE MOBILIDADE	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	38.280
INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	242.606
Orzamento		280.886

Fonte: elaboración propia

O número de centros que xestionarán a Axuda do PO **Cooperación Territorial Transnacional Espazo SUDOESTE** orzamentada para o ano 2014 son 2. A Axuda comunitaria será xestionada polo Instituto Enerxético de Galicia (242.606 euros), que supón o 86,4% do total, e pola DX de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (38.280 euros), que representa o 13,6% do total da Axuda orzamentada.

A anualidade orzamentada para o ano 2014 da Axuda comunitaria **FEP Galicia**, repartida por centros xestores e Consellerías da Xunta de Galicia, ascende a 45,6 millóns de euros.

Distribución da axuda PO FEP Galicia 2007-2013 por centros xestores e consellerías no orzamento 2014 (euros)

Centro Xestor	Órgano/Consellería	Euros
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO	CONSELLERÍA DE FACENDA	62.759
SECRETARÍA XERAL DO MAR	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	26.438.801
D.X. DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	19.172.516
Orzamento		45.674.076

Fonte: elaboración propia

Son 3 os centros directivos que xestionarán o FEP orzamentado para o ano 2014. Destaca a SX do Mar, con 26,4 millóns de euros, seguido da DX de Desenvolvemento Pesqueiro, con 19,2 millóns de euros e da SX Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda con 62.759 euros, que supoñen respectivamente o 57,9%, 42% e 0,1% do total da Axuda FEP orzamentada.

